

## AO XULGADO DE GARDA DE PONTEVEDRA

D. **ANTÓN MASA VÁZQUEZ**, co D.I. nº 33197669K e enderezo a efectos de notificación na rúa San Xulián 1-1º, 36002 de Pontevedra (apartado 414, 36080-Pontevedra), no nome propio e no da **ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA** (APDR), na que na actualidade desempeña o cargo de presidente,

### EXPÓN

Que o pasado domingo día 16 de agosto produciuse no río Verdugo, ao seu paso polas localidades de Ponte Caldelas, Soutomaior e Ponte Sampaio, unha importante mortandade de peixes, nomeadamente troitas pero tamén algúns exemplares doutras especies, mortandade que, de acordo coas informacións recollidas polos medios de comunicación e tal e como admitiu o propio alcalde da localidade, tivo a súa orixe nun vertido químico procedente da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Concello de Ponte Caldelas.

Que a magnitude da mortandade provocada no río e mesmo a repercusión negativa sobre a totalidade do ecosistema e sobre a calidade das augas de baño (adxuntanse fotocopias dalgún dos xornáis que recollen a noticia) permite –ao noso entender- tipificar como delito ecolóxico este feito a todas luces irresponsable e delictivo.

Que a APDR ten entre os seus obxectivos estatutarios velar pola defensa do medio ambiente natural, os recursos naturais e a calidade de vida das persoas no contorno da Ría de Pontevedra, dos seus ríos e montes que a conforman, ao longo dos Concellos que constitúen o seu ámbito de actuación, polo que entende está dabondo xustificada a súa preocupación e interese polo esclarecemento dos feitos sinalados, pola búsqueda de responsabilidades e pola sanción ás persoas autoras dos mesmos.

Por todo o exposto,

**SOLICITA:** que por presentado este escrito de **denuncia**, se incoen dilixencias previas a fin de determinar a existencia de responsabilidade penal e os autores responsabeis do feito denunciado.

Pontevedra, 22 de agosto de 2009